



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



### **ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN COLOMÓFILA GALEGA CELEBRADA EN SANTIAGO O DÍA 13 DE Novembro DE 2021.**

Na Cidade de Santiago de Compostela, sendo as Dez horas do día Trece de Novembro do ano dous mil vinte e un, baixo a presidencia de D. Gonzalo Liñares Sixto, presidente da Federación Colombófila Galega e actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, reúnese en segunda convocatoria a Asemblea Xeral Ordinaria no hotel Santiago Apostol de Santiago de Compostela, asistindo os membros que a continuación se relacionan:

#### **PRESIDENTE:**

D. Gonzalo Liñares Sixto

#### **SECRETARIO:**

D. Manuel Rey San Luis

#### **TESOUREIRO:**

D. José R. Costas Carbajal

#### **ESTAMENTO DE CLUBS:**

D. JULIO GONZALEZ IGLESIAS (C.C. Herculino) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Enrique Leal González**  
D. ANGEL TORRES IGLESIAS (U.C.M. Mariñas Altas) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. José C. Castro Porta**  
D. Antonio Camilo Pereiro Francés (C.C.Pombas do Val Miñor) **Delegou a súa asistencia nesta persoa D. Enrique García Rodríguez**  
D. JOSÉ M<sup>a</sup> VILLAR RODRÍGUEZ (C.C. Porriño) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Alfonso M. Pozaco González.**

D. OSCAR SANJURJO GONZALEZ (C.C. Mensajeras de Cambre) **Delegou a súa asistencia nesta persoa D. Carlos Budiño Pereira.**

D. JOSE M. MACIEL COMESAÑA (C.C.Pombas Mensaxeiras de Nigran)

D. DAVID RODRIGUEZ ROMERO (C.C.Palomas Mensajeras de Vigo)

D. FRANCISCO J. LAGO FERNÁNDEZ (C.C.Pombas Mensaxeiras de Narón)

D. JAVIER FERNÁNDEZ PENA (C.C.Terracha)

D. JAIME M. LOPEZ RODRÍGUEZ (C.C. Aires de Lemos)

D. ENRIQUE FREIRE SOBRAL (C.C.Ria de Pontevedra)

#### **ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:**

D. CARLOS BUDIÑO PEREIRA

D. FRANCISCO M. QUINTIA CAGIAO



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)

### **ESTAMENTO DE XUICES:**

D. PEDRO BECERRA GONZÁLEZ

Escusan a súa asistencia:

D.MARCO A. VALLADARES OTERO

D.LOIS SEIJO CASTRO

D.ANTONIO LAGO VILA

Antes de comezar esta reunión, solicítase autorización aos membros asistentes a esta reunión á representación de D. Manuel Currás Fervenza como representante da presidencia do C.C.Pombas do Val Miñor, a decisión maioritaria dos membros foi non autorizar dita representación, xa que este socio ten licencia polo C.C.Pombas do Morrazo (club que se disolverá este ano) e a pesar de que solicitará renovación de licencia por este club, de autorizar a Asamblea esta representación chegaría a acadar problemas legais no futuro. De todos os xeitos autorízase a este socio asistir con voz pero sen voto.

Así mesmo autorízase a asistencia a esta reunión como convidados a D. Daniel Rodríguez Dopazo (presidente do C.C.Alas Compostelanas) e a Dña. Raquel Pereira Barros, ambos con voz pero sen voto.

Esta reunión axústase ó seguinte **Orde do día:**

- 1.- Lectura e aprobación si procede da Acta da Asemblea anterior.**
- 2.- Coñecemento do balance económico ao 30/09/2021**
- 3.- Orzamento económico para o ano 2022**
- 4.- Calendario e Regulamento deportivo 2022**
- 5.- "LIV" exposición da pomba mensaxeira da F.C.G. (Organizada pola Federación)**
- 6.- Exposición nacional 2021 (Balears) datas de celebración do 10 ao 16 de Xaneiro-22**
- 7.- Aprobación dos resultados da campaña deportiva 2020**



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:Secretariafcdgalega@gmail.com)  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcdgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcdgalega@gmail.com)



**8.- Regulamentación definitiva e aclaración sobre os aneis doutras federacións.**

**9.- Rogos e Preguntas**

A petición do C.C.Palomas Mensajeras de Vigo, solicitan incluír na Orde do Día os seguintes temas:

- Transporte alternativo na solta de Lloret de Mar para a recollida das pombas
- Premios Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca.

Antes de iniciar a sesión segundo a Orde do Día, toma a palabra o Sr. Presidente para agradecerlle aos membros asistentes desta Asemblea a súa asistencia a esta reunión.

**1º.- LECTURA E APROBACIÓN SI PROCEDE DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR**  
Todos os socios asistentes recibiron a acta da reunión anterior polo que non foi necesario ser lida por acordo dos membros asistentes. O representante do C.C.Porriño quere que se faga constar en acta que na aprobación da acta da reunión da asemblea do ano pasado en canto a este punto eles se abstiveron e reiteran o envío do borrador das actas con 15 días ao da celebración da mesma.

Queda aprobada a acta da reunión anterior coa salvedade do c.c.Porriño.

**2º.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 30-09-21.**

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance económico ao 30 de Setembro de 2020, propónse por parte da Tesourería da Federación subvencionar aos clubs coa cantidade de 8.278.- € (20%) ao transporte de pombas. Hay varios membros que non están dacordo con este importe polo que se abre un debate entre todos os asistentes, ao final, acordase subvencionar o plan de voos deste ano na cantidade de 10.158-€.



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

### 3º.- ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2022.-

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao orzamento económico para o ano 2022 sendo aprobado polos membros asistentes.

#### FEDERACION COLOMBOFILA GALLEGA PRESUPUESTO ECONOMICO AÑO 2022

<b>INGRESOS</b>			
Anillas Nido (20200)	20200	<b>VENTAS MATERIAL DEPORTIVO</b>	<b>15.150,00 €</b>
		15.150,00 €	
Licencias emitidas por FCG		<b>LICENCIAS FEDERATIVAS</b>	<b>4.885,68 €</b>
		4.885,68 €	
Xunta de Galicia		<b>SUBVENCIONES</b>	<b>7.273,00 €</b>
		7.273,00 €	
Aportaciones Clubs gasto transporte palomas		<b>OTROS INGRESOS DE GESTION</b>	<b>43.461,27 €</b>
Anillas nido otras federaciones		43.461,27 €	
		- €	
		<b>INGRESOS</b>	<b>70.769,95 €</b>
<b>A DEDUCIR</b>			
Anillas Nido (20200)	20200	<b>COMPRAS MATERIAL DEPORTIVO</b>	<b>4.040,00 €</b>
		4.040,00 €	
Trofeos temp deportiva 2022		<b>GASTOS ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>	<b>57.362,95 €</b>
Transporte Palomas		1.600,00 €	
Exposicion Regional		43.461,27 €	
Exposicion Nacional		2.800,00 €	
Pienso para Sueltas		375,00 €	
Dietas jueces sueltas Nacional.		- €	
Gastos sueltas internacional		300,00 €	
Gtos control y acondicionamiento camiones.		- €	
Subvenciones Concursos Regionales		500,00 €	
		8.326,68 €	
Juntas Directivas		<b>GASTOS REPRESENTACION</b>	<b>5.540,00 €</b>
Asambleas		145,00 €	
Comisión Deportiva		450,00 €	
Desplazamientos Secretario		145,00 €	
		4.800,00 €	
Comunicaciones		<b>SERVICIOS VARIOS</b>	<b>1.705,00 €</b>
Material Oficina		120,00 €	
Portes Varios		112,00 €	
Gastos Varios		300,00 €	
Mantenimiento pagina web		75,00 €	
Servicio Archivo y Documentacion.		600,00 €	
Conservación inmovilizado		480,00 €	
Dominio Pagina Web		- €	
		18,00 €	
Asesores externos.		<b>SERVICIOS PROFESIONALES INDEPENDIENTES</b>	<b>242,00 €</b>
		242,00 €	
Comisiones Bancarias.		<b>GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>280,00 €</b>
		280,00 €	
Amortizaciones 2022		<b>AMORTIZACIONES</b>	<b>1.600,00 €</b>
		1.600,00 €	
		<b>TOTAL GASTOS / AMORTIZACIONES</b>	<b>70.769,95 €</b>

En canto a este punto fai unha pequena intervención o Sr Angel Torres para fundamentar que se debería facer máis inversión en canto á publicidade da nosa Federación, ben a través da páxina web ou a través doutros sistemas.



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tfno.: 605.115.366  
 E.Mail: Secretariafcdgalega@gmail.com



### 4º.- CALENDARIO E REGULAMENTO DEPORTIVO 2022.-

En canto a este punto da Orde do Día son presentados ante os membros asistentes un calendario deportivo confeccionado pola Comisión Deportiva desta Federación



## BORRADOR CALENDARIO DEPORTIVO 2022

Propuesto por la Comisión Deportiva

Enceste	Solta	Lugar da solta	Distancias	Cptos. Galegos	Cptos. Nacionales (A Coruña y Pontevedra)	Cptos. Nacionales (Lugo)
26-feb.-22	27-feb.-22	VERIN		Entreno		
5-mar.-22	6-mar.-22	A GUDIÑA		V-SC		
12-mar.-22	13-mar.-22	P.SANABRIA/ASTORGA	130/200	V-SC		
19-mar.-22	20-mar.-22	P.SANABRIA/ASTORGA	130/200	V-SC		
26-mar.-22	27-mar.-22	BENAVENTE	160/280	MF-M-SC		
2-abr.-22	3-abr.-22	VENTA DE BAÑOS	250/380	MF-M-SC		
9-abr.-22	10-abr.-22	ARANDA DE DUERO	330/450	MF-M-SC		
16-abr.-22	17-abr.-22	P.SANABRIA/ASTORGA	130/200	Entreno		
22-mar.-22	23-mar.-22	BENAVENTE II	160/280	MD-SC		
22-mar.-22	24-mar.-22	ALMAZAN	430/550	F-M-SL		
<b>D E S C A N S O</b>						
6-may.-22	7-may.-22	VENTA DE BAÑOS	250/380	MD-SC		
6-may.-22	8-may.-22	ARIZA (Zaragoza)	500/630	F-M-SL		
<b>D E S C A N S O</b>						
20-may.-22	22-may.-22	ALMAZAN	430/550	MD-SC		
20-may.-22	22-may.-22	EPILA (Zaragoza)	530/650	F-M-SL		
<b>D E S C A N S O</b>						
<b>D E S C A N S O</b>						
09-jun.-22	11-jun.-22	GANDESA (Tarragona)	690/810	GF-M-SL		
<b>D E S C A N S O</b>						
<b>D E S C A N S O</b>						
<b>D E S C A N S O</b>						
05-jul.-22	09-jul.-22	LLORET DE MAR	840/980	GF-M-SL		





## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



e tamén unha serie de propostas feitas por varios clubs e que son as seguintes:



### PROPOSTAS PARA INCORPORAR NA ORDE DO DÍA DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN COLUMBÓFILA GALEGA. DATA: 13 DE NOVEMBRO DE 2021.

#### UNIÓN COLUMBÓFILA MENSAXEIRAS MARIÑAS ALTAS

- 1) Que se acorde por parte da Federación Galega eliminar o papel para a administración de encestes, enviando a documentación vía e-mail ao móbil do transportista responsable da solta.  
E, o mesmo, para o Comisario de solta e para a Real Federación Colombófila Española.
- 2) Propoñemos que se cambien os tres puntos de solta para a velocidade, coa finalidade de igualar quilómetros na medida no posible.
  - 6 de Marzo de 2022: **BEMBIBRE (León)** – A CORUÑA (178 km) – SANTIAGO (176 km) – VIGO (190 km) – LUGO (103 km).
  - 13 de Marzo de 2022: **COMBARROS (León)** – A CORUÑA (206 km) – SANTIAGO (200 km) – VIGO (211 km) – LUGO (130 km).
  - 20 de Marzo de 2022: **ASTORGA (León)** – A CORUÑA (216 km) – SANTIAGO (207 km) – VIGO (218 km) – LUGO (138 km).
- 3) Regulamento deportivo:
  - a. Que, para os puntos que se adxudiquen para a mellor clube galega, **os Ases de Fondo e de Gran Fondo**, como no resto dos campionatos, soamente sumen puntos os primeiros de cada provincia.
  - b. Que, para todas as soltas de Fondo e de Gran Fondo, incluíndo a de Lloret del Mar, as pombas sexan soltadas ó día seguinte da chegada ó destino. Se a climatoloxía non fose apropiada para proceder á solta das pombas, isto habería que programalo con anterioridade e adiantar ou demorar a data de enceste (para, na medida do posible, non trasladar as pombas e decidir en destino o que se fará).
  - c. Que, nos Campionatos de Seguridade Curta e Seguridade Longa (Curta: 9 soltas – Longa: 5 soltas), se adxudiquen: 5 puntos ó primeiro clasificado, 4 ó segundo clasificado e 3 ó terceiro clasificado.

Para puntuar para a mellor clube de Galicia. Tería sentido.

**NOTA:** hai que ter en conta o calendario portugués, e intentar chegar a acordos previos ós campionatos. De non ser así, poderían cambiarse soltas que sexan coincidentes, retrasar o día de enceste e soltar ó día seguinte (aínda que sexa luns).



## FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)

Proposta ao calendario deportivo presentada por varios clubs da provincia de Pontevedra:

FECHA DE SUELTA	FECHA DE ENCESTE	LUGAR	CONCURSO	
ENTRENAMIENTO				
26-02-2022	27-02-2022	LA GUDIÑA	ENTRENAMIENTO	
VELOCIDAD				
05-03-2022	06-03-2022	PUEBLA /ASTORGA	VELOCIDAD	
12-03-2022	13-03-2022	BENAVENTE	VELOCIDAD	CEV
19-03-2022	20-03-2022	TORDESILLAS	VELOCIDAD	CEV
MEDIO FONDO				
26-03-2022	27-03-2022	BENAVENTE	MEDIO FONDO	
02-04-2022	03-04-2022	MEDINA DEL CAMPO	MEDIO FONDO	
09-04-2022	10-04-2022	AREVALO	MEDIO FONDO	
ENTRENAMIENTO				
16-04-2022	17-04-2022	PUEBLA /ASTORGA	ENTRENAMIENTO	
FONDO				
22-04-2022	24-04-2022	ALMAZAN	FONDO	CEF
06-05-2022	08-05-2022	ALCAZAR DE S. JUAN	FONDO	CEF
20-05-2022	22-05-2022	ALBACETE	FONDO	
MEDIA DISTANCIA				
22-04-2022	23-04-2022	BENAVENTE II	MEDIA DISTANCIA	
06-05-2022	07-05-2022	AREVALO II	MEDIA DISTANCIA	CEPJ
20-05-2022	22-05-2022	ALMAZAN II	MEDIA DISTANCIA	CEPJ
GRAN FONDO				
8-06-2022	11-06-2022	VALENCIA	GRAN FONDO	CEGF
06-07-2022	09-07-2022	CARTAGENA	GRAN FONDO	CEGF

Logo de debatir todas as propostas presentadas levase a cabo unha votación para determinar cal será o calendario deportivo para o vindeiro ano, sendo o resultado da votación:

Calendario presentado pola Comisión Deportiva:

- 10 Votos a favor
- 2 Votos en contra
- 2 Abstencións

Calendario presentado polos clubs da provincia de Pontevedra:

- 4 Votos a favor
- 10 Votos en Contra



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



O Sr. Camilo Pereiro fai a observación con respecto a estes dous calendarios deportivos, que pola diferenza de prezo vai a voar o calendario presentado polos representantes da provincia de Pontevedra.

Acordos acadados en canto este punto polos membros asistentes:

**a).**- Para o campeonato de velocidade, establecer distintos puntos de solta para as provincias, quedando da seguinte maneira: Para as provincias de Coruña e Lugo as soltas de velocidade serían:

6 de Marzo: Bembibre (León)  
13 de Marzo: Combarros (León)  
20 de Marzo: Astorga (León)

Para a provincia de Pontevedra as soltas de velocidade serían:

6 de Marzo: Puebla de Sanabria (Zamora)  
13 de Marzo: Benavente (Zamora)  
20 de Marzo: Tordesillas (Valladolid)

**b).**- Eliminar as soltas de adestramentos a nivel Federativo, cada club realizará os seus propios adestramentos.

**c).**- Levar 2 convoyeres para as soltas de Gran Fondo, co obxectivo de diminuír o tempo de viaxe destas soltas para poder realizar a solta o día seguinte de chegada ao punto de solta.

**d).**- Modificar as datas de encestes y solta de Lloret de Mar, acordando como dataa de encestes o día 6 de Xulio e a data de solta para o día 8 de Xulio.

**e).**- A petición do presidente do C.C.Terracha, acordase que a provincia de Lugo soltará en todas as soltas cunha diferenza de media hora con respecto a Provincia de Coruña.

**f).**- Aprobase á comunicación obrigatoria a través da páxina web da Federación das pombas chegadas da solta de Lloret de Mar, tendo que habilitar un apartado para tal fin.

**g).**- Acordase aprobar o punto nº1 da proposta presentada polo club Mariñas Altas.

"Eliminar o papel para a administración de encestes, enviando a documentación via mail ao móbil do transportista responsable da solta, e do mesmo xeito cando se trate das soltas nacionais ao delegado de solta nacional".





## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



Estarase pendente da decisión do Comité Deportivo Nacional sobre o xeito de envío da documentación.

Con respecto a este punto, en canto á documentación relativa aos campionatos autonómicos, e con motivo de comprobación de datos, será obriga do club ter en custodia de arquivo (telemático ou impreso) tanto os encestes como as comprobacións de cada solta.

**h).**- En canto ao apartado c do punto 3 da proposta presentada pola club Mariñas Altas, levase a cabo unha votación para determinar a súa aprobación ou non, sendo a resultado da votación:

5 votos a favor  
8 votos en contra  
1 abstención

Dada a demanda levada a cabo este ano a través dun socio de esta Federación motivada pola aparición dunha pomba súa que estaba sendo voada por outro socio que carecía do título de propiedade desta pomba e con motivo de evitar no futuro situacións similares, toma a palabra Raquel Pereiro Barros para propoñer e expoñer ante os membros asistentes unha alternativa que a través dun sinxelo control informático á hora de confeccionar os censos de cada colombófilo mediante a codificación de barras do título de propiedade, sería posible evitar esta situación, falarase con Vicente Prats para que se poida efectuar dende o programa de cada club.

Fai intervención o Sr. Camilo Pereiro para poñer en coñecemento dos membros asistentes as conversas levadas a cabo con membros da Federación Portuguesa para levar a cabo un campionato de Gran Fondo a participar entre a nosa Federación e a Federación Portuguesa. Unha vez sepamos a intención en número de participantes por parte da nosa Federación saberase se é factible ou non a realización de dito campionato.

O Regulamento Deportivo verase modificado nos puntos en que incumban tanto aos cambios establecidos no calendario deportivo como nos acordos adoptados nesta reunión, quedando aprobado nesta reunión para a modificación do Regulamento Deportivo os puntos a, b e c da proposta presentada polo C.C.Mariñas Altas.

Por último, e con relación á procura da mellora na funcionalidade da páxina web da federación acórdase nesta reunión e tras o seu ofrecemento designar a Raquel Pereiro Barros para levar a cabo o deseño e mantemento da páxina web por un importe anual de 1.200.- €.



## **FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)

**5º.- "LIV" EXPOSICIÓN GALEGA DA POMBA MENSAXEIRA (Organizada pola Federación). Ratificación da data da mesma para os días 17 e 18 de Decembro.**

**Invitación ao menú de xantar por parte da FCG aos campións galegos desta tempada.**

Logo de dabatir polos membros asistentes en canto a quen debe organizar as Exposicións, acordase nesta reunión que a partir de agora as exposicións serán organizadas polos clubs seguindo unha orde de antigüidade dos memos.

Acordase tamén que debido a que non vamos a participar na Exposición Nacional, as datas de celebración para a mesma serán os días 14 e 15 de Xaneiro-22. Para darlle máis realce á exposición dentro dos actos a realizar, acordouse invitar a Agustín Fernández Ventura "Tino" para impartir unha charla sobre colombofilia.

Ratifícase e apróbase nesta reunión a invitación ao xantar de confraternidade dos campións galegos desta tempada.

**6º.- EXPOSICIÓN NACIONAL DA POMBA MENSAXEIRA 2021. Posibles datas de celebración os días do 10 ao 16 de Xaneiro-2022.**

Acordase nesta reunión non participar na Exposición Nacional

**7º.- APROBACIÓN DAS CLASIFICACIÓNS DA CAMPAÑA DEPORTIVA 2021**

Quedan aprobadas e retificadas nesta reunión as clasificacións correspondentes á tempada deportiva 2021.

**8º.- REGULAMENTACIÓN E ACLARACIÓN SOBRE OS ANELS DOUTRAS FEDERACIÓNS.**

Logo de aclarar por parte do Sr. Secretario os cargos presentados aos clubs pola tenencia de pombas con anels doutras federacións, acórdase nesta reunión que de agora en diante os cargos aos clubs por este concepto se fagan polas pombas que participen nas soltas comprendidas dentro do calendario deportivo, debendo facilitar cada club (que estean nestas circunstancias) unha relación destas pombas ao final da tempada deportiva para ser supervisada pola Federación.



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:Secretariafcolegale@gmail.com)  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcolegale@gmail.com](mailto:Secretariafcolegale@gmail.com)



### **Temas a incluír na Orde do Día a petición do C.C.Palomas Mensajeras de Vigo:**

#### **a).- Transporte alternativo utilizado na solta de Lloret e Mar para a recollida de Pombas.**

O C.C.Palomas mensajeras de Vigo a través do seu presidente fai vía whatsapp unha reclamación de disconformidade ante a Comisión Deportiva polo transporte utilizado para a recollida das pombas do seu club na solta de Lloret de Mar.

Toma a palabra o presidente da Comisión Deportiva para explicar e aclarar os motivos polos que se tivo que utilizar dun xeito eventual este transporte. Unha vez rematada a súa intervención e en contestación á mesma, o Sr. David Rodríguez (presidente do C.C.Mensajeras de Vigo) comenta que pese aos problemas de logística no transporte, este debería realizarse con todas as garantías de legalidad vixentes.

#### **b).- Premios Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca.**

Presentada reclamación via correo electrónico por parte do presidente do C.C.Palomas Mensajeras de Vigo ante a Secretaría desta Federación por non estar de acordo co colombófilo nomeado este ano, solicitando na mesma reclamación de qué xeito se confeccionan as clasificacións para determinar a designación do candidato/a cara aos Premios arriba mencionados, unha vez contestado a este mail e ante as dubidas surxidas polo propio club ante a forma de realizar estas clasificacións, acordouse nesta reunión que sexan os propios clubs afectados (os da provincia de Pontevedra) que se reúnan entre eles e que acorden un regulamento propio para estes premios.

#### **9º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

- Sr. Maciel Comesaña.- Propón non aplicar os cambios horarios nos relojes matrices.
  
- Sr. José M<sup>a</sup> Villar.- Propón a participación xunto co club de Porriño o seu socio da provincia de Ourense.



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión, sendo as catorce horas e minutos do día da data.

Asdo: Gonzalo Liñares Sixto  
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis  
-Secretario-